

Información para as persoas candidatas

As probas de clasificación teñen por obxecto facilitar a incorporación a calquera curso e nivel dun idioma do alumnado que dispoña de coñecementos previos del.

Lembrámoslle que as probas de clasificación non teñen carácter certificador e só pretenden avaliar o seu coñecemento da(s) lingua(s) elixida(s) co fin de situalo no curso máis acorde ao seu grao de coñecemento demostrado.

As probas de clasificación de todos os idiomas teñen como referencia os currículos para as escolas oficiais de idiomas de Galicia, baseados nos descritores do *Marco europeo común de referencia para as linguas* e no Portfolio europeo das linguas de adultos (16+).

Terán dereito a realizar as probas de clasificación para cada idioma aquelas persoas que desexen acceder por primeira vez ás ensinanzas de idiomas na modalidade presencial, e tamén poderán realizar estas probas as persoas que cursaron con anterioridade estudos do idioma e que non se matricularon en réxime oficial nos dous cursos anteriores ao que desexen acceder. Este alumnado deberá ter en conta que se o resultado da proba lle dá acceso a un curso que xa superou nese idioma non poderá cursalo de novo, polo que o resultado da proba non terá efecto.

O alumnado que se inscriba nas probas de clasificación terá que realizar tamén a preinscrición no idioma correspondente, se desexa optar a unha praza no primeiro curso do nivel básico no caso de que non obteña o acceso por proba de clasificación a un curso ou nivel superior.

A incorporación ao curso que determine o resultado da proba estará suxeita á dispoñibilidade de prazas no dito curso. Esta incorporación non dará dereito en ningún caso á certificación dos cursos e niveis inferiores.

O resultado obtido nas probas de clasificación terá validez nas dúas convocatorias seguintes, para os efectos de formalizar a matrícula en calquera das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estrutura e calendario da proba de clasificación

A estrutura da proba é común para todas as linguas impartidas nas escolas oficiais de idiomas:

	Destrezas	Duración
1ª sesión (máximo 2 horas)	Comprensión de lectura Expresión e interacción escrita Comprensión oral	Máximo 30 minutos Máximo 60 minutos Máximo 30 minutos
2ª sesión	Expresión e interacción oral	Máximo 5 minutos por persoa candidata

A escola fixará as datas de realización da proba, dentro dos primeiros vinte días do mes de xuño.

Teña en conta que a sesión correspondente á proba de expresión e interacción oral poderá ter lugar antes ou despois da sesión correspondente ás restantes destrezas, segundo o calendario establecido pola escola.

Normas de obrigado cumprimento durante a proba

1. Prégase puntualidade na proba. Non se permitirá o acceso ás aulas a ningunha persoa candidata unha vez comezada a proba.
2. As persoas candidatas deberán presentarse ás probas cun documento que certifique a súa identidade (DNI, NIE ou pasaporte). É obrigatorio acudir á proba co resguardo da matrícula.
3. As persoas candidatas deberán seguir as indicacións que en cada momento reciban do profesorado encargado da administración da proba.
4. O profesorado escribirá no encerado a hora de comezo e de remate da proba, así como das pausas se as houber, e as datas de entrega de notas, sempre dentro dos 7 días naturais seguintes ao da celebración da proba.
5. Nas partes escritas da proba, as persoas candidatas deberán usar bolígrafos azuis ou negros. Non se corruxarán tarefas realizadas con lapis, nin se permitirá o uso de correctores. Lembre que as respostas se deben escribir obrigatoriamente nos apartados destinados a ese fin nas follas de respostas. Calquera resposta fóra dos apartados non será tida en conta.
6. Nas tarefas de elección múltiple cumprirá elixir unha soa resposta. No caso de querer cambiar a opción xa marcada, deberase marcar a nova elección e rodeala cun círculo.
7. Nas tarefas de textos con espazos en branco para completar, débese colocar unha soa palabra en cada espazo en branco, salvo que se indique o contrario. As persoas candidatas deberán escribir a resposta cunha caligrafía lexible.
8. Ao remate de cada unha das partes da proba as persoas candidatas deberán entregar os exames e calquera papel ou documento empregado durante a realización do exercicio (incluídos borradores e esquemas).
9. Nas probas de expresión e interacción escrita, as persoas candidatas deberán contar o número de palabras utilizadas e sinalalo no recadro correspondente, sen exceder o número indicado en cada unha das tarefas.
10. Cada tarefa de comprensión oral será reproducida un máximo de dúas veces. Entre cada escoita da mesma tarefa haberá unha pausa de trinta segundos, e entre cada tarefa haberá unha pausa dun minuto. Despois da última escoita os candidatos disporán de dous minutos antes de entregar o exercicio.
11. Para as probas de expresión oral as persoas candidatas serán citadas individualmente por orde alfabética de acordo cos seus apelidos.
12. Poderanse gravar as probas de expresión oral.
13. Os bolsos, abrigos, teléfonos, carpetas e demais obxectos persoais das persoas candidatas depositaranse no espazo habilitado para tal uso polo profesorado que administre a proba.
14. Os teléfonos móbiles e calquera outro dispositivo electrónico deberán permanecer apagados durante toda a proba.
15. As persoas candidatas non poderán empregar materiais de consulta de ningún tipo nin comunicarse con outras persoas candidatas e/ou externas á proba durante a súa realización.
16. Durante a proba non se permitirá a saída e posterior ingreso das persoas candidatas na aula. A saída da aula supón a finalización e entrega do exercicio.
17. Durante as pausas, se as houber, as aulas permanecerán pechadas sen que ningunha das persoas candidatas poida ter acceso ao seu interior.